

## O MÉDICO DO INCIO

A súa irmá María ía no coche de uña cara a Lugo para interceder por el.

Pero atado ao rabo dun cabalo camiñaba rendido Manuel Díaz Corral. Desde a Penela até Sarria arrastrado polos falanxistas cos súas camisas azuis e fusís ao lombo. Por onde a cruel comitiva pasaba as olladas eran de espanto. Era o alcalde e o médico do Incio levado por xente de fóra, da capital.

En Sarria traspasárono do cabalo a un coche e, cun adival, atárano ao autornóbil. E indo da traseira foi como o viu a súa irmá desde o autobús.

Quixo acudirllle e os demais viaxeiros piadosamente lograron evitalo. Sabían do perigo e aquel era o peor momento. O corpo do alcalde estaba a ser machacado. Os falanxistas facían cachizas do médico dos humildes para que os pobres do Incio tomasen algo máis que medo.

Manuel Díaz Corral, fillo do Xoán do Incio, labrego que lles dera letras a todos os seu fillos e fillas, nunca cobrou as consultas e gañaba as eleccións.

Todo un delito de alta traizón para a loucura de Florencio Borrego e Antonio Pedrosa Latas, homes de peso naquela Falanxe asasina e alzada en armas.

Moito choraron o loito dona María e o seu home don Nabor sentados na galería da señora Raimunda Moreiras do Chaos. Tamén choraron os veciños a un médico que levaba a súa chepa de nacemento coa mesma dignidade coa que exercía o seu oficio de sandador.

Filomena Armesto, a meiga de Torbeo, xa lle advertira ás xentes daquelas terras do mal que se viña enriba. Ben que o sabía.

ANTÓN PATIÑO REGUEIRA, *Memoria de ferro*, A Nosa Terra, Vigo, 2005.